

LETRAS GALEGAS '06

Lugrís Freire nunha fotografía de
arredor de 1910.



De Soidades aos Contos

 RAMÓN NICOLÁS

O labor creativo de Manuel Lugrís Freire non se limita á actividade como dramaturgo. Polo contrario, o noso autor deuse a coñecer publicamente como poeta, en primeira instancia, e mais tamén como narrador, facetas ambas as dúas que cómpre traer á acordanza pois sen elas non se perfila, nin axeita globalmente, a súa faceta creadora.

Os seus cinco libros poéticos son ferramentas que lle permiten, en boa parte, articular un seguimento minucioso do pensamento histórico de Galicia que fornecera anos atrás Manuel Murguía como é a fe na base étnica celta da nosa prehistoria que, malia a romanización, non puido borrar a nosa propia identidade, defendendo que o proceso de rexeneración estaría depositado na raza celta e mais na lingua galega.

Soidades (1894), o seu primeiro poemario, dedicado á memoria da súa nai e á Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia na Habana, componse dunha trintena de poemas mais dous aditamentos en prosa. Trátase dunha entrega plural, coa omnipresenza -case que obsesiva- da temática migratoria, as máis das ocasións cun forte ton melodramático, con grandes doses de popularismo e, ademais, cunha emotiva carga de narratividade. A temática da exaltación de Galicia revélase como fundamental a través da lembranza da terra abandonada, tanto evocada desde a velez, para o que chega posuír un poder salvífico, como lembrada a través dunha visión descritivo-costumista en ocasións entrelazada cunha visión historicista, de filiación murguinha e pondaliana, baixo unha vontade rexeneradora.

O seu segundo poemario, *Noitebras* (1901) vén constituído por vinte e unha composicións, das que algunhas delas xa viran a luz en *Soidades*, iniciadas por un poema hómónimo no que explica o significado dese termo: noites sen lúa, bretemosas, invernaís... Nesta ocasión sitúa o lugar común das máis das composicións no devezos da morte dun ser que sente, por esa orfandade, a súa alma doente. A inicial roupaxe lutuosa cédelle espazo a unha evidente pluralidade temática moi característica de Lugrís: tópicos universais, como a vellez, danse a man co repaso pola xeografía da nenez ou con cantos propagandísticos de carácter rexionalista.

Versos de loita, publicouse na serie “¡Terra a Nosa!”, como suplemento do diario *El Noroeste* en 1919. Inclúense aquí un total de vinte e tres poemas, mais dos que tres deles xa viran a luz en *Soidades* e once en *Noitebras*, polo que realmente só se trata de nove composicións antes non publicadas; de novo prima a heteroxeneidade temática, aspecto que se reitera en *Ardencias*, publicado en 1927 por Zincke Hermanos na Coruña: o poemario contén un total de trinta e tres composicións, alén de incluír tres textos en prosa e agrúpanse en tres bloques: “Acordes de mocidade”, “Da Mariña” e mais “D’outrora.” Na primeira das seccións o poeta móvese entre a súa coñecida profesión de fe en Galicia, na Suevia ou na Celtia, mais tamén

acredita nas posibilidades redentoras para o futuro, xunto con composicións de carácter sentimental e amoroso, onde por veces se transparentan pegadas modernistas ao tempo que se rastrexan ecos pondalianos e currosianos. Na sección “Da Mariña”, como o seu nome indica, articula unha homenaxe á súa patria íntima e, por último, en “D’outrora” inclúe un total de dez poemas de carácter heteroxéneo dos que só tres son inéditos.

O seu derradeiro poemario *As Mariñas de Sada. Homenaxe á sociedade Sada y sus contornos*, publicouse por Zinke Hermanos no ano 1928 na Coruña. Trátase dun breve opúsculo que contén un total de seis poemas dos que catro deles xa foran publicados en libros anteriores. Como é doado deducir polo título, recolle composicións nas que a presenza de Sada e os seus arredores cobra relevancia e actúa como nexo de unión do poemario. As composicións, nas que o peso do descriptivismo é elevado, non esquecen os vectores recorrentes en Lugrís, sendo os únicos dous poemas no-

Poeta e narrador

vos incorporados en forma de libro aqueles titulados “Nova estrela”, un texto ad hoc dedicado á sociedade “Sada y sus contornos”, e mais “A fala e a terra”, dividido, á súa vez, en catro partes: unha introdución inicial; unha reflexión poética do autor -onde leva a cabo un repaso de súa propia biografía-; a reprodución acerca das súas ideas sobre o idioma galego e mais, por último, unha descrición da “Celtia”, que vincula coas pegadas que nel deixou A Mariña, en xeral, e mais Sada -sempre a terra nativa deSada- en particular.

Contos de
Asieumedre

O único libro, aínda que gozou de varias reedicións, no que Luguís compilou parte da súa obra en prosa foi Contos de Asieumedre. A historia ecdótica deste libro foi un tanto complexa. A súa primeira edición data do ano 1908 e continúa só oito contos que se distribuíron entre os labregos de Solidaridad Gallega. Un ano despois publicase unha edición de vinte e oito contos con ilustracións de F. Cortés, recuperando así un gran cantidade de relatos dispersos por distintas publicacións americanas e galegas. Aínda en 1920 aparecería outra edición, agora na Litografía e Imprenta Roel da Coruña, prescindindo de tres relatos e engadindo dous novos, constituíndo un total de vinte e oito relatos. Posteriormente, en 1970, a Editorial Castrelos publicaría parte deses relatos baixo o título A carón do lar (Contos), libro que gozaria de varias reimpresións.

Este último título, que aparecía como epígrafe xeral de moitos destes relatos que viron a luz orixinalmente nas páxinas de A Nosa Terra, sitúannos, indefectiblemente, preto da tradición da narración oral e popular e, malia que tematicamente os contos sexan de índole variada, neles resulta tamén determinante o afán instrutivo, pedagóxico e moralizante por veces, onde a mensaxe “redentora” ou “rexeneracionista” resulta fundamental.

Tamén a heteroxeneidade temática é un lugar común neste volume e resulta salientable, entre outros aspectos, o tratamento denunciador que fai da figura dos caciques e, por extensión, da situación miserable na que resisten os campeñoños. Tecnicamente é abondoso o uso do autor omnisciente convencional ou da primeira persoa, sexa testemuña ou protagonista, cun artellamento técnico marcado pola sinxeleza

Cómpre, asemaide, non esquecer a peza titulada “O penedo do crime. Lenda d as Mariñas”, que foi publicada por entregas no xornal El Eco de Galicia d’A Habana: unha breve novela en XI capítulos mais un curto epílogo que xira arredor dunha historia na que se mestura amor, crimes sen consumar, arrepentimentos e paixón. Por outro lado Luguís exercita tamén a crítica corrosiva e ridiculizadora nunha serie, pouco coñecida, que viu a luz na revista cubana Galicia Moderna baixo o título de “O lechuceiro (conto cómico-bufo)”.